

Instrucións para a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para actividades recollidas no Regulamento aprobado en Consello de Goberno de 10 /10/ 2016

1. Cumprimentar e asinar debidamente o **impreso de solicitude** que se atopa no seguinte enderezo http://extension.uvigo.es/extension_gl/validacion/ indicando o título da actividade nos tres idiomas (galego, castelán e inglés)
2. As actividades susceptibles de recoñecemento deben estar organizadas sempre por unha persoa que sexa membro da Universidade de Vigo.
3. No caso de actividades organizadas por unha **institución de educación superior**, nas que exista un **convenio** previo, asinará a persoa responsable da organización.
 - A sinatura do convenio tramítase a través da vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais (dous exemplares asinados en todas as follas).
 - Achegarase tamén o Anexo I cuberto.
4. No caso de **actividades coorganizadas** con outras institucións que non sexan de educación superior, será indispensable aportar o ACORDO DE ORGANIZACIÓN CONXUNTA asinado por ambas partes.
5. No caso de **actividades virtuais ou en liña** deberán certificarse pola persoa responsable xustificando o número de horas atribuídas e ademais aportar unha memoria posterior do seguimento e aproveitamento destas actividades.
6. Entregar a documentación en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro dos medios previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cunha antelación mínima de **dous meses** antes da data de comezo da actividade.

Este prazo de dous meses é indispensable para garantir unha oferta pública e transparente das actividades obxecto de recoñecemento da nosa Universidade de cara ao alumnado, así como para favorecer a publicidade pola parte organizadora.